



(R_SER_15)
REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE
RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS E LIMPEZA VIARIA

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ soporte@monfortedelemos.es 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

TITULO I - Disposicións xerais	4
Capítulo I - Disposicións xerais	4
Artigo 1 - Fundamento legal	4
Artigo 2 - Obxecto	4
Artigo 3 - Definicións	4
TITULO II - A limpeza e ornato das vías e espazos públicos	5
Capítulo I - Da limpeza da vía pública	5
Artigo 4 - Limpeza de vías urbanas e espazos públicos	5
Artigo 5 - Limpeza de vías e espazos públicos	5
Artigo 6 - Limpeza de inmobles e locais	5
Artigo 7 - Limpeza de solares, terreos sen edificar e terreos en solo rústico	6
Artigo 8 - Papeleiras e outro mobiliario urbano	6
Artigo 9 - Prohibicións sobre vías, mobiliario urbano e espazos públicos	6
Artigo 10 - Quioscos e establecementos de hostalaría	7
Artigo 11 - Carga e descarga	7
Artigo 12 - Vehículos de obras	7
Artigo 13 - Contedores especiais para obras	7
Capítulo II - Limpeza e ornato de edificacións e terreos	7
Artigo 14 - Escaparates, balcóns e terrazas	7
Artigo 15 - Obrigas dos propietarios de edificios	8
Artigo 16 - Obrigas dos propietarios de terreos e edificacións	8
TITULO III - Posesión de cans e outros animais domésticos	8
Capítulo I - Tendencia de animais	8
Artigo 17 - Suxeitos responsables	8
Capítulo II - Obrigas do propietario e condutor	9
Artigo 18 - Responsabilidade	9
Artigo 19 - Prohibición	9
Capítulo III - Prohibicións xerais	9
Artigo 20 - Prohibición de deposicións	9
TITULO IV - Da recollida dos residuos urbanos	9
Capítulo I - Responsables	9
Artigo 21 - Propiedade dos residuos urbanos	9
Artigo 22 - Taxas polo servizo	10
Capítulo II - Recipientes	10
Artigo 23 - Tipos	10
Artigo 24 - Definición de cubo	10
Artigo 25 - Definición de colector	10
Artigo 26 - Mantemento de cubos e colectores	10
Capítulo III - Servizo de recollida de lixo domiciliaria e de comercios	10
Artigo 27 - Sistema de recollida	10
Artigo 28 - Situación dos elementos de recollida	10
Artigo 29 - Recollidas especiais	10
Artigo 30 - Prohibición de depositar residuos na rúa	10
Capítulo IV - Recollida selectiva	11
Artigo 31 - Definición	11
Artigo 32 - Áreas de aportación	11
Artigo 33 - Residuos que deberán de depositarse no Punto Limpo	11
Artigo 34 - Recollida de plásticos agrícolas	11
Artigo 35 - Experimentación	11
Artigo 36 - Valorización dos residuos	11
Capítulo V - Horario de prestación do servizo de recollida do residuo sólido urbano	12
Artigo 37 - Establecemento de horarios	12
Artigo 38 - Período de recollida	12
Artigo 39 - Prohibición	12

TITULO V - Publicidade: Valados Publicitarios, Megafonía, Publicidade a domicilio, Recadros para a Publicidade, Marquesiñas, Pintadas, Graffitis, Pancartas, e Outros	12
Capítulo I - Publicidade	12
Artigo 40 - Prohibicións xerais	12
Artigo 41 - Prohibicións específicas	13
Capítulo II - Pancartas e carteis	13
Artigo 42 - Colocación de pancartas	13
Artigo 43 - Colocación en inmobles e/ou solares	13
Artigo 44 - Pintadas en inmobles	14
Artigo 45 - Colocación de publicidade	14
TITULO VI - Residuos industriais , perigosos e especiais	14
Capítulo I - Residuos Industriais	14
Artigo 46 - Definicións	14
Artigo 47 - Produtores e posuidores	14
Artigo 48 - Eliminación	14
Artigo 49 - Prohibicións	14
Capítulo II - Residuos tóxicos e perigosos	15
Artigo 50 - Definición	15
Capítulo III - Residuos especiais	15
Artigo 51 - Automóbiles abandonados	15
TITULO VII - Dereito sancionador Capítulo I - Suxeitos responsables	15
Artigo 52 - Definición	15
Capítulo II - Definición e clases de infraccións administrativas	15
Artigo 53 - Definición	15
Capítulo III - Procedemento sancionador	15
Artigo 54 - Expediente sancionador	15
Artigo 55 - Infraccións moi graves	16
Artigo 56 - Infraccións graves	16
Artigo 57 - Infraccións leves	16
Capítulo IV - Sancións	16
Artigo 58 - Importe	16

TITULO I - Disposicións xerais

Capítulo I - Disposicións xerais

Artigo 1 - Fundamento legal

- Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia.
- Lei 10/1998, do 21 de abril, de Residuos, establece que as Entidades Locais sexan competentes para a xestión dos residuos urbanos, correspondendo aos Municipios como servizos obrigatorios: a recollida, o transporte e, cando menos, a eliminación dos residuos urbanos.

Artigo 2 - Obxecto

Este regulamento ten por obxecto a regulación:

- a) Da recollida de refugallos e lixos sólidos urbanos.
- b) Das actividades relativas á limpeza de vías e espazos públicos.

Artigo 3 - Definicións

De conformidade con canto se dispón no artigo 4 da Lei 10/1997, do 22 de agosto de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, establece a seguinte clasificación:

1. **Están comprendidos** no concepto de residuos sólidos urbanos os seguintes:

- a) Os residuos de orixe doméstica.
- b) Os residuos xerados en comercios, oficinas, e servizos.
- c) Os residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.
- d) Os residuos procedentes de lonxas, mercados, feiras, festexos, excursións, acampadas ou actos similares.
- e) Os mobles, aveños e electrodomésticos desbotados.
- f) Os entullos de construción e obras menores de reparación domiciliaria.
- g) En xeral, todos aqueles residuos dos que a súa recollida, transporte, almacenamento, tratamento ou depósito controlado corresponda ós municipios de acordo co establecido expresamente na Lei de bases de réxime local e demais disposicións vixentes.

2. **Quedan excluídos** do ámbito da citada Lei os seguintes:

- a) Os residuos radioactivos
- b) Os residuos procedentes de actividades industriais.
- c) Os residuos resultantes da prospección, extracción, tratamento e almacenamento de recursos minerais e da explotación de canteiras.
- d) As materias fecais e outras sustancias naturais non perigosas das explotacións agrícolas e gandeiras que se utilicen exclusivamente no marco da explotación agraria.
- e) Os residuos xerados pola actividade especificamente sanitaria en hospitais, clínicas e ambulatorios.
- f) Os efluentes líquidos vertidos ás augas continentais e ó mar.
- g) Os efluentes gasosos emitidos na atmosfera.
- h) Os aceites de motor e os usados tanto domésticos como de hostalería.

3. Considéranse mobles e aveños domésticos aqueles obxectos que sen ser tóxicos ou perigosos, constitúen utensilios e mobiliario xeral do fogar como poden ser, entre outros: mobiliario en xeral, electrodomésticos, xoguetes, aparellos musicais, pequenas ferramentas caseiras e agrícolas, etc.

Non se consideran aveños as máquinas agrícolas nin os vehículos a motor, ou pezas dos mesmos, grellas dos cortellos, as rodas etc.

Tampouco se consideran aveños domésticos as menciñas, as pilas etc.

TITULO II - A limpeza e ornato das vías e espazos públicos

Capítulo I - Da limpeza da vía pública

Artigo 4 - Limpeza de vías urbanas e espazos públicos

A limpeza da rede viaria urbana e dos espazos públicos e a recollida do lixo que se orixine neles realizaraas o concello directamente ou, se procede, a través das empresas xestoras deses servizos públicos mediante calquera das formas de xestión indirecta administradas pola Lei de contratos das Administracións Públicas.

Artigo 5 - Limpeza de vías e espazos públicos

1. A limpeza das vías e espazos de dominio e uso público local corresponderá ao Concello, constituíndo un servizo público municipal que se prestará a través de calquera dos modos de xestión establecidos na lexislación vixente.
2. A limpeza das rúas e soares de dominio privado deberá efectuarse polos seus propietarios.
3. A limpeza das vías e espazos libres de titularidade doutras Administracións Públicas, incluídos os inmobles que integren o dominio público ferroviario, corresponderá ós seus titulares.

Artigo 6 - Limpeza de inmobles e locais

1. Corresponderá aos propietarios ou se é o caso a quen habite os inmobles manter limpos os patios de luces ou de mazá, os cerres de baixos, a limpeza de pintadas en edificios e o lucido das casas e baixos das mesmas.

Enténdese incluída nesta obriga a realización das operacións de desratización, desinsectación ou desinfección que sexan precisas para manter as condicións normais de salubridade e hixiene dos inmobles.

Esta obriga será igualmente esixible cando a situación de falta de limpeza sexa imputable a terceiras persoas, sen os prexuízos do dereito dos propietarios a denuncialos feitos ante o Concello en este de oficio, para os efectos de que este poida exercer a potestade sancionadora fronte ós responsables.

2. Queda expresamente prohibido que as persoas que realicen a limpeza dos locais, portais ou edificios, boten ás beirarrúas ou calzada os restos ou desperdicios procedentes dos interiores.

Queda tamén prohibido o baldeo con auga, xabón ou lixivia da limpeza de vehículos, locais ou vivendas e espazos públicos.

Queda autorizado o baldeo con auga limpa ou con calquera outro produto non tóxico cando sexa preciso retirar excrementos, vómitos ou calquera outro residuo molesto fronte a locais ou vivendas, que en todo caso deberá realizarse de xeito directo no sumidoiro máis próximo, evitando en todo momento a produción de molestias a terceiros.

3. Prohíbese o depósito en pozos, rexistros e na rede de sumidoiros de calquera produto ou residuo resultante de actividades de limpeza ou doutros de calquera tipo non autorizado tales como animais mortos, restos químicos, aceites de cociña ou outros.

Artigo 7 - Limpeza de solares, terreos sen edificar e terreos en solo rústico

1. Os propietarios de solares e terreos sen edificar en solo urbano deberán mantelos limpos de maleza e de calquera tipo de residuos ou desperdicios e en condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

Para tal fin, o Concello poderá esixirilles a realización das operacións de limpeza precisas, incluíndo, se é o caso, a desratización, desinsectación ou desinfección.

2. Os propietarios de terreos en solo rústico conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.

A mesma obriga se establece para os propietarios de terreos en solo urbanizable, mentres non se proceda a iniciar a súa transformación física en solo urbano.

Desde os solares particulares non poden sobresaír a vía pública ningunha clase de vexetación, maleza ou árbores.

Artigo 8 - Papeleiras e outro mobiliario urbano

1. Prohíbese botar á vía pública todo tipo de residuos como cabichas, pelas, papeis, bolsas ou calquera outro desperdicio similar.

Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres públicos e queira desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente mencionados, utilizará as papeleiras instaladas para tal fin.

2. Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, envorcalas ou arrincalas, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso a que están destinadas.
3. A instalación, mantemento e reposición das papeleiras realizarase ben pola Administración Municipal ou mediante xestión indirecta.
4. Os danos causados ás papeleiras, que signifiquen a necesidade da súa reposición, serán sufragados polos que os ocasionasen, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades de tipo penal ou administrativo que procedan.
5. Os danos que se causen en árbores ou noutro mobiliario urbano ou en calquera espazo ou ben público, incluíndo a realización de inscricións ou pintadas e a colocación de carteis ou adhesivos, serán así mesmo sufragados polas persoas que os ocasionasen, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades de tipo penal ou administrativo que procedan.

Artigo 9 - Prohibicións sobre vías, mobiliario urbano e espazos públicos

Queda prohibido realizar calquera operación ou actividade que poida luxar as vías e espazos públicos, o mobiliario urbano e en particular:

- a) Lavar vehículos nas vías ou espazos públicos así como realizar operacións de cambio de aceite ou doutros líquidos.
- b) Manipular ou seleccionar os desperdicios ou residuos sólidos urbanos situados nas papeleiras e nos contedores do lixo, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases.
- c) Sentarse apoiando os pés nos bancos e cadeiras situados nos espazos públicos.
- d) Sacudir ou limpar prendas, alfombras ou similares nas vías e espazos públicos ou sobre as mesmas (dende xanelas, balcóns, etc.).

Artigo 10 - Quioscos e establecementos de hostalaría

1. Quen estea á fronte de quioscos ou postos autorizados nas vías ou espazos públicos ou desenvolva calquera outra ocupación ou actividade na mesma, ben sexa de xeito illado ou en mercadiños, está obrigado a manter limpo o espazo no que desenvolva o seu cometido e as proximidades durante o horario en que realice a súa actividade e a deixalo no mesmo estado de limpeza unha vez finalizada esta. O incumprimento deste artigo poderá dar lugar á revogación da correspondente licenza, previa audiencia do interesado.
2. A mesma obriga incumbe ós donos de cafés, bares e establecementos análogos, en canto á superficie da vía ou espazo libre público que se ocupe con veladores, cadeiras, etc. así como á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada, debendo retirar todo tipo de envases, plásticos, papeleiras, etc., no momento do peche do establecemento. Os donos ou responsables de locais públicos tales como pubs, bares, discotecas, restaurantes ou análogos no momento do peche do establecemento deberán retirar da vía pública situada nas inmediacións do mesmo calquera residuo derivado da actividade desempeñada, incluíndo cristais, calquera tipo de envase, etc.
3. En caso de reiteración ademais das sancións, procederase á retirada da licenza.

Artigo 11 - Carga e descarga

1. Acabada a carga e descarga de calquera vehículo con observancia das normas que para tales actividades establece a normativa de circulación, procederase a limpar as beirarrúas e calzadas que fosen luxadas durante a operación, retirando da vía pública os residuos vertidos.
2. Están obrigados ó cumprimento desde precepto os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou fincas nos que fose executada a carga ou descarga, sempre que non faciliten a identificación do transportista.

Artigo 12 - Vehículos de obras

1. Os propietarios e condutores de vehículos que transporten terras, cascallos, materiais poeirentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia susceptible de causar molestias ou luxar os espazos públicos ó ser transportada terán que tomar cantas medidas sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que, por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caia sobre a vía pública auga, po ou parte dos materiais transportados.
2. Nos vehículos que se utilicen en zona de obras, antes de saír á vía pública, deberá procederse, a ser posible, ó lavado dos baixos e rodas. En todo caso, manterase a vía pública limpa retirando da mesma calquera residuo derivado da actividade e deberá garantirse que en ningún tramo do percorrido queden restos de materiais.

Artigo 13 - Contedores especiais para obras

Nas obras nas que se produzan cantidades de cascallos superiores a un metro cúbico haberán de utilizarse para a súa recollida contedores axeitados, para os que se contará coa preceptiva autorización municipal, para seren trasladados posteriormente a planta de tratamento.

Capítulo II - Limpeza e ornato de edificacións e terreos

Artigo 14 - Escaparates, balcóns e terrazas

1. Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais adoptaranse as debidas precaucións para non causar molestias ós transeúntes nin luxar a vía pública e se, non obstante, esta se luxase, os donos do establecemento estarán obrigados á súa limpeza, retirando os residuos resultantes.

2. Iguais precaucións deberán de adoptarse para a limpeza de balcóns e terrazas así como para a rega das plantas instaladas nos mesmos.

Artigo 15 - Obrigas dos propietarios de edificios

1. Os propietarios dos edificios están obrigados a manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública, debendo proceder ó seu pintado, remoción ou lavado, mantendo as condicións de ornato da edificación nos termos establecidos na lexislación urbanística e ordenanzas municipais
2. Os propietarios dos baixos deberán pechalos debidamente, con ladrillo ou bloque, procedendo ó seu pintado ou caleado acordo coas ordenanzas municipais.

Artigo 16 - Obrigas dos propietarios de terreos e edificacións

1. De conformidade coa previsión contida na Lei do Solo de Galicia, os propietarios de terreos ou edificacións deberán mantelos en condicións de seguranza, salubridade e ornato público, e con suxeición ás normas sobre protección do medio ambiente, iso inclúe que os soares que linden coa vía pública deberán estar valados con pechamentos permanentes situados na aliñación oficial e mantidos libres de residuos e en condicións de hixiene, seguranza e ornato.
2. A hixiene, seguranza e ornato inclúe a esixencia de desratización e desinfección dos soares.
3. A altura dos valos e a construción dos mesmos farase con materiais que garantan o seu ornato e seguranza respectando a normativa da planificación urbanística e ordenanzas vixentes.
4. Se por motivo de interese público fose necesario asumir subsidiariamente as obrigas do propietario, o concello poderá acceder ós soares de propiedade privada.
5. Os propietarios ou responsables de inmobles con fachadas á vía pública deberán evitar expoñer en ventás, balcóns, terrazas ou lugares similares roupa tendida e calquera clase de obxectos contrarios á estética da vía pública.
6. A colocación de valos publicitarios, carteis, pancartas e adhesivos requirirá en todo caso autorización e non se permitirá a colocación de elementos publicitarios en:
 - a) Espazos libres públicos e elementos de mobiliario urbano.
 - b) Postes de iluminación, semáforos e sinais de tráfico
 - c) Muros, valos e cercas, a excepción de lugares habilitados para tal fin.

De modo provisional e en ocasións excepcionais como feiras, festas, exposicións ou congresos, o concello poderá autorizar anuncios non comerciais limitados ó tempo que dure o acontecemento, que de inmediato deberán retirarse unha vez que acabe o mesmo.

TITULO III - Posesión de cans e outros animais domésticos

Capítulo I - Tendencia de animais

Artigo 17 - Suxeitos responsables

1. Os propietarios son directamente responsables de calquera acción que ocasione sucidade na vía pública producida por animais da súa pertenza.
2. Na ausencia do propietario, será responsable subsidiario a persoa que conduce o animal no momento de producirse acción que causa a sucidade.

3. Ante unha acción que causara sucidade na vía pública producida por un animal, os axentes da Policía Local están facultados en todo momento para esixir ao propietario ou quen ten o animal a reparación inmediata da acción causada.

Capítulo II - Obrigas do propietario e condutor

Artigo 18 - Responsabilidade

1. As persoas que conduzan cans deberán impedir que estes realicen as súas dexeccións nas vías e espazos públicos. O Concello poderá habilitar zonas específicas para o efecto.
2. No caso de que as dexeccións queden depositadas en calquera lugar público, dentro do núcleo urbano e fóra dos lugares habilitados para tal fin, se os houbera, a persoa que conduza ó animal estará obrigada á recollida e limpeza das dexeccións que, debidamente empaquetadas, serán depositadas en papeleiras ou contedores de lixo.
3. Do incumprimento do establecido neste artigo serán responsables as persoas que conduzan ós animais, sexan ou non propietarios dos mesmos, e subsidiariamente os propietarios dos mesmos.

Artigo 19 - Prohibición

Prohíbese terminantemente deixar soltos en espazos exteriores toda clase de animais daniños ou feroces.

Capítulo III - Prohibicións xerais

Artigo 20 - Prohibición de deposicións

Por motivo de salubridade pública, queda categoricamente prohibido que os animais realicen as súas deposicións sobre as beirarrúas, zoas verdes, zoas de terra e os restantes elementos da vía pública destinados ao paso, estancias e xogos dos cidadáns.

TÍTULO IV - Da recollida dos residuos urbanos

Capítulo I - Responsables

Artigo 21 - Propiedade dos residuos urbanos

1. Da recepción dos residuos sólidos urbanos farase cargo o persoal do Servizo Municipal ou se é o caso o da Empresa Concesionaria ou a Entidade de xestión que corresponda en cada momento, segundo se decida polo concello.
2. O Concello adquirirá a propiedade dos residuos dende o momento en que se depositen nos cubos ou colectores ou lugares establecidos para o efecto e os posuidores quedarán exentos de responsabilidade polos danos que puidesen causar tales residuos, sempre que na súa entrega se observasen as condicións deste regulamento e demais normativa aplicable.
3. Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida, transporte, ou aproveitamento dos residuos sólidos urbanos e industrias asimilables nin non asimilables, (sexan papel, cartón, madeira, vidros, plásticos, metais, pilas e baterías) calquera que sexa a súa natureza, sen a previa concesión ou autorización municipal.

En todo caso será unha empresa autorizada pola Consellería de Medio Ambiente como xestor autorizado de residuos.

4. A recollida ou retirada de residuos sólidos por particulares sen autorización municipal poderá ser obxecto de sanción, así como o seu depósito ou tenencia.

Artigo 22 - Taxas polo servizo

Os usuarios procederán ao pago das taxas correspondentes o servizo prestado, de acordo co que sinale ao respecto a Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por Recollida de Lixo.

Capítulo II - Recipientes

Artigo 23 - Tipos

Os recipientes a utilizar para a recollida de lixo no Concello de Monforte de Lemos serán de dous tipos: o cubo e o colector colocado pola Empresa concesionaria.

Artigo 24 - Definición de cubo

Entendese por cubo aquel de forma troncocónica constituído por caucho vulcanizado, ou calquera outro material resistente a oxidación, humidade, non poroso e de resistencia suficiente para cumprir o seu cometido e ocultar da vista os produtos que conteña.

A súa capacidade será de ata 100 litros e provisto de asas para o seu manexo.

Artigo 25 - Definición de colector

Entendese por colector de lixo aquel recipiente colectivo, hermético, de gran capacidade, constituído dun material normalizado que permita un baldeirado do seu contido sen ningún problema.

Artigo 26 - Mantemento de cubos e colectores

O servizo de mantemento, conservación, limpeza e desinfección, de todos e cada un dos colectores e cubos corre a cargo da Empresa Concesionaria.

Capítulo III - Servizo de recollida de lixo domiciliar e de comercios

Artigo 27 - Sistema de recollida

A recollida de lixo efectuarase na zoa Urbana delimitada co método de cubeo e no resto da zoa en colector, na zoa do Rural farase en colectores.

Artigo 28 - Situación dos elementos de recollida

Os cubos se situarán no borde da beirarrúa, sempre a unha distancia determinada polo servizo técnico e a Concesionaria do Servizo, e horario establecido polo concello e empresa.

Artigo 29 - Recollidas especiais

O Concello poderá establecer, si así lo estima conveniente, unha recollida especial para os establecementos comerciais e mercantís, con horarios distintos a recollida domiciliar.

Artigo 30 - Prohibición de depositar residuos na rúa

Queda terminantemente prohibido a colocación de residuos na rúa tanto antes como despois do baldeirado dos cubos e colectores.

Capítulo IV - Recollida selectiva

Artigo 31 - Definición

O servizo de recollida selectiva comprenderá as operacións de recollida de envases lixeiros (bolsa amarela), a recollida de papel – cartón, a recollida de vidro e a recollida de pilas e baterías, todos eles residuos de carácter domiciliario, procedentes de vivendas, edificios privados ou públicos, comercios, e depositados nos colectores correspondentes a cada tipo de residuo.

Artigo 32 - Áreas de aportación

Na zona urbana e rural os residuos da fracción selectiva serán recollidos en áreas de aportación que agrupen colectores para os distintos tipos de residuos.

Artigo 33 - Residuos que deberán de depositarse no Punto Limpo

1. Deberán depositarse no Punto Limpo, nos contedores correspondentes, os seguintes tipos específicos de residuos:
 - a) Fluorescentes.
 - b) Vernices, pinturas e residuos de pinturas.
 - c) Aceites pesados procedentes de coches, tractores e vehículos de motor en xeral.
 - d) Aceites domésticos.
 - e) Baterías.
 - f) Aparatos metálicos (neveiras, lavadoras, cociñas, electrodomésticos en xeral, somieres e similares).
 - g) Obxectos de madeira e outros obxectos (sofás, camas, armarios, colchóns e outros similares).
 - h) Outros residuos sólidos urbanos que non sexan susceptibles de ser reciclados e se sinalen pola Alcaldía ou pola Concellería competente.
2. Ademais de poder depositarse no Punto Limpo, os servizos municipais recollerán os residuos sólidos urbanos especiais descritos nas letras f) e g) do punto anterior coa periodicidade e nas datas que se sinalen pola Alcaldía, tras solicitude dos interesados.

Artigo 34 - Recollida de plásticos agrícolas

Os plásticos agrícolas situaranse, nos días sinalados polo concello, en lugares accesibles para o camión colector, dobrados e atados. O Concello poderá establecer lugares concretos de depósito destes plásticos no termo municipal.

Artigo 35 - Experimentación

O Concello, a través dos servizos municipais o contratados, poderá levar a cabo cantas experiencias e actividades en materia de recollida selectiva considere conveniente, introducindo ao efecto as modificacións necesarias na organización do servizo de recollida de lixo.

Artigo 36 - Valorización dos residuos

O Concello poderá favorecer e fomentar as iniciativas privadas o públicas para valorizar os residuos que, a xuízo dos servizos municipais, teñan posibilidades de alcanzar resultados positivos para a cidade.

En ningún caso terán a consideración de recollida selectiva as iniciativas que teñan por obxecto o lucro privado.

Capítulo V - Horario de prestación do servizo de recollida do residuo sólido urbano

Artigo 37 - Establecemento de horarios

1. A frecuencia para a recollida domiciliaria de lixo, tanto na zoa urbana como na rural, e nos establecementos industriais, comerciais e mercantís, será establecido polo Concello dentro do contrato para a prestación do servizo.
2. O Concello poderá introducir en calquera momento as modificacións aos programas dos servizos de recollida que , por motivo de interese público. Teña por conveniente.
3. Os servizos municipais farán público, ca suficiente antelación, calquera cambio no horario, a forma o a frecuencia de prestación do servizo, con a excepción das disposicións que dite a Alcaldía en situación de emerxencia.

Artigo 38 - Período de recollida

O servizo de recollida do lixo na zoa urbana farase en horario nocturno, no rural recollerase durante o día.

Artigo 39 - Prohibición

Se prohíbe o depósito de lixo nos colectores e cubos antes do horario que estableza o Concello dentro do contrato de prestación do servizo.

TÍTULO V - Publicidade: Valados Publicitarios, Megafonía, Publicidade a domicilio, Recadros para a Publicidade, Marquesiñas, Pintadas, Graffitis, Pancartas, e Outros

Capítulo I - Publicidade

Artigo 40 - Prohibicións xerais

1. Queda prohibido repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, luxando os espazos públicos e a colocación de publicidade en lugares non autorizados.
2. Terá a consideración de acto independente para o efecto de sanción cada actuación separada no tempo ou no espazo, contraria ó establecido no número anterior, sendo responsables da infracción aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade, e, en defecto delas e salvo proba en contrario, aquelas a favor de quen se faga a mesma.
3. Os folletos publicitarios depositaranse nas caixas do correo ou lugares designados por cada comunidade, nunca por debaixo das portas ou de forma que se poidan espaxer pola vía pública.
4. Sen prexuízo das sancións ás que houbese lugar tipificadas nesta Ordenanza, correrán cos gastos de limpeza ocasionados por tal actitude as empresas ou persoas físicas anunciadas, salvo denuncia expresa, ou os autores da súa colocación se logra a súa identificación.
5. Queda prohibido aparcas carriños ou vehículos similares con valos publicitarios en terreos públicos ou privados, salvo os expresamente autorizados coa correspondente licenza municipal.

En todo caso non se permitirá o seu estacionamento na vía pública, no mesmo lugar, por un período superior a 24 horas.

Artigo 41 - Prohibicións específicas

1. Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que esixe o ornato e a estética da Cidade, queda prohibido:
 - a) Colocar carteis en paredes, muros, quioscos, fachadas, farois, enreixados, valos, papeleiras, contedores, marquesiñas de parada de autobús, mobiliario urbano en xeral.
 - b) Prohíbese a realización de toda clase de pintadas na vía pública; tanto sobre os seus elementos estruturais (beirarrúas, calzadas, mobiliario urbano) como sobre os muros ou fachadas dos edificios. Quedan excluídas desta prohibición as pintadas ou murais artísticos que se realicen sobre valados dos soares, medianeiras, etc., que sexan autorizadas polo Concello.
 - c) Raspar, luxar ou arrincar aqueles carteis ou anuncios situados nos lugares autorizados para o efecto.
 - d) O espaxamento de folletos ou follas de publicidade pola vía pública (repite 93.4).
2. Consideraranse separadamente como actos sancionables as actuacións contrarias ó disposto no punto anterior en relación cos anuncios ou carteis de calquera contido fixados en cada inmovible ou demais lugares prohibidos, podendo impoñerse sancións por cada cartel ou folleto que transgredisen estas normas.
3. Por parte do Concello de Monforte de Lemos regúlanse os seguintes lugares destinados á instalación de publicidade:
 - Recadros azuis e marquesiña de publicidade oficial no núcleo urbano
 - Paneis colocados ó lado das marquesiñas de parada de autobús na zona rural.

Capítulo II - Pancartas e carteis

Artigo 42 - Colocación de pancartas

1. Queda prohibida a colocación de pancartas en calquera dos elementos estruturais existentes no casco urbano: edificios, muros, pontes, valados, beirarrúas, elementos do mobiliario urbano e similares.
2. A colocación de pancartas soamente se autorizará:
 - a) En período de eleccións políticas.
 - b) En período de festas populares ou tradicións.
 - c) En eventos culturais ou deportivos de especial interese.
 - d) En situacións que expresamente se sinalen polo Concello.
3. Deberán ser retiradas nos 10 días seguintes ao vencemento do prazo para o que foron autorizadas.

Artigo 43 - Colocación en inmoables e/ou solares

1. Os propietarios ou titulares de inmoables, monumentos, quioscos, etc., están obrigados a manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmoables que sexan visibles dese a vía pública, debendo proceder ao seu pintado, remodelación ou lavado, de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.
2. Unicamente se permitirá a colocación de carteis ou anuncios nos sitios destinados para este obxecto, que estarán delimitados por un recadro de cor azul.
3. Así mesmo os propietarios dos soares coidarán que os valos estean en perfecto estado de conservación, limpándoos e pintándoos, especialmente no núcleo urbano, coidando que non saia ningún tipo de vexetación ó exterior.

Artigo 44 - Pintadas en inmobles

Cando un inmoble fose obxecto de pintadas ou pegada de carteis, o propietario ou persoa encargada comunicará ao Concello, o cal decidirá se procede á limpeza por persoal municipal, con cargo á persoa ou Empresa responsable da actuación, en caso de ser esta coñecida, sendo todo iso sen prexuízo da obriga xenérica de manter por parte dos propietarios a limpeza das fachadas.

Artigo 45 - Colocación de publicidade

1. Durante todo o ano a publicidade colocárase unicamente nos lugares autorizados. Durante os períodos electorais e aqueles outros de xeral participación cidadá, nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello de Monforte de Lemos adoptará, de conformidade co que se dispoña na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.
2. Para os efectos de sancións a que houbese lugar en relación a este artigo serán responsables o Presidente Local ou cargo de máxima responsabilidade do Partido na localidade e, se se tratase de Eleccións Locais, o Cabeza de Lista do Partido ou da Agrupación que se presente.
3. Concello, en exemplo do cumprimento desta Ordenanza, respectará para a difusión dos seus Bandos e Carteis os puntos anteriores.

TITULO VI - Residuos industriais , perigosos e especiais

Capítulo I - Residuos Industriais

Artigo 46 - Definicións

Serán considerados residuos industriais especiais aqueles que polas súas características non poidan ser clasificados como inertes ou asimilables ós residuos urbanos e en xeral os que presenten un risco potencial para a saúde pública ou para o medio ambiente.

Artigo 47 - Produtores e posuidores

Os produtores e posuidores de residuos industriais especiais estarán obrigados á adopción de cantas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación ou, se é o caso, aproveitamento dos mesmos, se realice sen risco para as persoas.

Artigo 48 - Eliminación

1. Para desfacerse dos residuos industriais trasladaranse ó punto limpo industrial, para ser clasificados e enviados ó reciclador correspondente, , para a súa eliminación ou aproveitamento.
2. Os produtores de residuos que poidan resultar tóxicos ou perigosos deberán, previamente á súa recollida por xestor autorizado, realizar un tratamento para eliminar ou reducir as súas características así como adoptar as medidas para asegurar o seu traslado.
3. Nestes casos a empresa ou o produtor destes residuos estará obrigado a cumprir a normativa vixente.

Artigo 49 - Prohibicións

1. En ningún caso se permitirá o vertido de residuos industriais que pola súa natureza sexan causantes de malos olores, etc., en zonas próximas a vivendas e en lugares non preparados para iso nin na rede de sumidoiros municipal.
2. Non pode realizarse no termino municipal a eliminación de residuos mediante a súa incineración.

Capítulo II - Residuos tóxicos e perigosos

Artigo 50 - Definición

Cando os lixos sólidos urbanos presenten características que os fagan tóxicos ou perigosos, ó produtor deles ven obrigado a darlles o tratamento que ordena a normativa sectorial aplicable a esa clase de refugallos.

Capítulo III - Residuos especiais

Artigo 51 - Automóbiles abandonados

1. Está prohibido abandonar nas vías ou espazos públicos calquera clase de automóbiles, ou restos deles.
2. Enténdense como abandonados os automóbiles -ou as partes deles- situados en vías ou espazos públicos que non son aptos para circular e que presentan signos evidentes de deterioración, carecen de placas de identificación ou permanecen durante seis meses ou máis en idéntica situación.
3. Os servizos municipais retirarán os automóbiles -ou restos dos que incumpran esta disposición, previo requirimento ó seu dono se é coñecido e por conta do obrigado.

TITULO VII - Dereito sancionador Capítulo I - Suxeitos responsables

Artigo 52 - Definición

Son suxeitos responsables do incumprimento ou infracción das normas contidas neste regulamento as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas e as comunidades de bens a quen sexa imputable a conduta infractora nos termos establecidos neste capítulo.

As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia de reposición, con cargo ó infractor, das situacións ou bens danados.

O requirimento de reposición será tramitado no mesmo expediente sancionador ou en expediente separado, neste derradeiro suposto, logo dos actos de instrución axeitados en orde a determinación da responsabilidade e previa audiencia ó interesado, o Sr. Alcalde - Presidente ditará resolución na que concerte a situación ou ben a repoñer, prazos e forma de efectuala.

Capítulo II - Definición e clases de infraccións administrativas

Artigo 53 - Definición

Constitúen infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñen as disposicións contidas neste regulamento. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Capítulo III - Procedemento sancionador

Artigo 54 - Expediente sancionador

A imposición de sancións esixirá a tramitación do oportuno expediente sancionador, de conformidade co que dispón a Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e a súa normativa complementaria, nomeadamente o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto. Polo que se aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 55 - Infraccións moi graves

Constitúen **infraccións moi graves**:

1. A reincidencia na comisión de tres faltas graves no período de dous anos.
2. A obstrución ou impedimento ó labor inspector do Concello.
3. O vertido de lixos e refugallos en lugares non autorizados.

Artigo 56 - Infraccións graves

Constitúen **infraccións graves**:

1. A reincidencia na comisión de tres faltas leves no período de dous anos;
2. A realización de actos de manipulación ou deterioración do equipamento de recollida de lixo
3. incumprimento das normas sobre depósito residuos sólidos urbanos.
4. O abandono de mobles, animais mortos ou automóbiles nas vías ou nos espazos públicos.

Artigo 57 - Infraccións leves

1. A colocación de carteis e a realización de inscricións e pintadas en lugares non permitidos.
2. A realización de actos de propaganda mediante repartimento ou lanzamento de carteis ou folletos en vías e espazos públicos.
3. Constitúe tamén infracción leve calquera outro incumprimento das disposicións deste regulamento que non estea cualificado como moi grave ou grave.

Capítulo IV - Sancións

Artigo 58 - Importe

As infraccións leves poderán ser sancionadas con apercibimento e multa de ata 300,00 €; as graves, con multa de 300,00 € a 900,00 €; e as moi graves, con multa de 900,00 € a 1.800,00 €.

Monforte de Lemos a 17 de marzo do 2010

Juan Carlos Prado Díaz

Técnico Municipal de Medio Ambiente